

O PARLAMENTO:

A TÚA CASA

CONCURSO

alumnado de ensino secundario obrigatorio

OBXECTO.

O Parlamento de Galicia convoca a terceira edición do concurso *“O Parlamento: a túa casa”* co obxecto de seguir impulsando o coñecemento dunha das institucións básicas do autogoberno de Galicia, as súas funcións e os seus membros, abrindo as portas para achegar o Parlamento á cidadanía galega, e esta ao Parlamento, nunha experiencia enriquecedora recíproca, nun marco de imparcialidade e obxectividade, e no que se valorará a tolerancia, a creatividade e a orixinalidade dos traballos dos concursantes.

1. MODALIDADE.

O alumnado deberá elaborar na aula unha proposición de lei sobre calquera dos temas sinalados anexo II.

A citada proposición de lei deberá contar, por unha banda, cunha exposición de motivos e, por outra, cun texto articulado.

Para coñecer un exemplo de proposición de lei, clicar:

<http://www.parlamentodegalicia.es/sites/ParlamentoGalicia/BibliotecaBoletinsOficiais/B50025.PDF>

2. PARTICIPANTES.

Poderán participar neste concurso un máximo de 30 alumnos/as por centro educativo, guiados por un/ha profesor/a coordinador/a.

3. FORMATO.

A proposición de lei presentarse en soporte papel e CD, en formato *word*, cunha extensión máxima de 5 páxinas tamaño DIN A4, escritas por unha cara, con entreliñado 1,5, no estilo de letra Times New Roman e tamaño 12.

4. INSCRICIÓN *ON-LINE*.

Para participar no concurso os centros efectuarán a súa inscrición *on-line* antes do remate do prazo sinalado no apartado 5 cubrindo e remitindo telematicamente o anexo I que figura no enderezo da internet:

http://www.parlamentodegalicia.es/sites/ParlamentoGalicia/ContenidoGal/pargal_PC_Concurso.aspx

A copia a inscrición *on-line* devolta polo sistema ao centro será incluída no sobre B a que fai referencia o apartado 7.b).2.

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE *INSCRICIÓN*S *ON-LINE* E PROPOSICIÓN S DE LEI.

Comenzará o día seguinte da publicación da convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e rematará ás 18.30 horas do día 28 de xaneiro de 2008.

6. ENVÍO DAS PROPOSICIÓN S DE LEI.

Os centros educativos que desexen participar no concurso presentarán no Parlamento directamente, por correo ou por calquera outro dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a proposición de lei confeccionada polos/as alumnos/as, seguindo as instrucións de envío do apartado seguinte.

INSTRUCCIÓN DE ENVÍO.

Para garantir o anonimato que posibilite a imparcialidade na valoración dos traballos dos/as participantes, os centros educativos deberán cumprir os seguintes requisitos no envío ou entrega directa das proposicións de lei:

- a) No exterior do sobre contedor ou paquete non poderá figurar ningunha inscrición alusiva ao centro educativo, debendo constar soamente o seguinte enderezo e remite:

enderezo:

Concurso "O Parlamento: a túa casa"
Parlamento de Galicia
Pazo do Parlamento
15071 SANTIAGO DE COMPOSTELA

remite:

ALUMNADO DE ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO

- b) No interior do sobre contedor ou paquete introducirase:
 1. A proposición de lei elaborada polos/as alumnos/as, en soporte papel e CD, non podendo constar neles nin na súa envoltura referencia ou alusión aos autores nin ao centro educativo de pertenza.
 2. Un sobre pechado. No seu interior introducirase a copia da inscrición *on-line* a que se refire o apartado 4 e, no seu exterior, unicamente constará o seguinte:

SOBRE B
ALUMNADO DE ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO

8.XURADO.

Os premios serán outorgados pola Mesa do Parlamento por proposta dun xurado composto por:

Presidente/a: a presidenta do Parlamento de Galicia, ou membro da Mesa en quen delegue. No caso de empate, o seu voto será dirimente.

Vogais:

- a vicepresidenta primeira da Mesa do Parlamento
- o vicesecretario da Mesa do Parlamento
- un portavoz de educación de cada un dos grupos parlamentarios

Secretario/a, con voz e sen voto: o letrado oficial maior do Parlamento de Galicia, ou letrado/a en quen delegue.

O xurado constituirase, celebrará as reunións necesarias e comunicará á Mesa o acordo adoptado nos 30 días naturais seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes e proposicións de lei.

DELIBERACIÓNS DO XURADO.

Das reunións do xurado o/a secretario/a levantará unha acta na que consten as decisións adoptadas e os votos acadados por cada proposición de lei.

Para garantir o anonimato das proposicións de lei, cada sobre contedor será rexistrado co número de Rexistro de Entrada do Parlamento que lle corresponda. Unha vez aberto polo xurado o sobre contedor asignaráselles o mesmo número de rexistro á proposición de lei e ao sobre B. Abertos todos os sobres contedores e asignados os correspondentes números ás proposicións de lei e aos sobres B, procederase ao exame das proposicións de lei e á súa puntuación en función do seguinte baremo:

- **Forma:** de 0 a 3 puntos (valorarase a exposición clara, precisa e concisa, riqueza da linguaxe e propia dun texto lexislativo, así como a orixinalidade na presentación)
- **Fondo:** de 0 a 7 puntos (valorarase o interese social do texto lexislativo así como o seu enfoque desde posicións de tolerancia, respecto á diversidade, obxectividade e busca do ben común).

Unha vez puntuadas todas as proposicións de lei, confeccionarase unha lista única delas, ordenadas de maior a menor puntuación.

Resultarán elixidas as tres propostas de lei que obtiveran maior puntuación, designándose, en calidade de suplentes, as dúas seguintes da lista.

Adoptada a decisión, o xurado procederá á apertura dos sobres B correspondentes, para coñecer a identidade dos autores das tres proposicións de lei elixidas e a dos dous suplentes.

O xurado poderá declarar o concurso deserto.

A decisión do xurado será elevada á Mesa do Parlamento, que adoptará o acordo definitivo, o cal será firme e inapelable e contra o que non caberá recurso de ningunha índole.

9. EXECUCIÓN.

Os tres grupos seleccionados, e, se é o caso, o/s suplente/s, están obrigados a defender e debater as súas propias proposicións de lei nunha sesión plenaria do Parlamento de Galicia, presidida pola Mesa do Parlamento, na que tamén poderán participar os portavoces dos grupos parlamentarios ou os/as deputados/as que estes designen.

Para o debate no Pleno do Parlamento de cada proposición de lei cada grupo de alumnos seleccionados deberán organizarse previamente na aula para asumir as funcións de dous grupos parlamentarios e designar os seus respectivos voceiros. Un voceiro presentará e defenderá a proposición de lei elaborada na aula e o outro criticará e posicionarse en contra do texto.

A data e a secuencia definitiva da sesión plenaria seralles notificada con suficiente antelación aos/ás coordinadores/as, sendo por conta do Parlamento os gastos derivados do desprazamento.

10. PREMIOS.

1.º PREMIO: Viaxe a Madrid en autobús ou tren para coñecer o Congreso dos Deputados, estancia de dúas noites en hotel de 3 estrelas, un ordenador portátil para o/a coordinador/a e, outro, para o centro educativo.

2.º PREMIO: Viaxe a unha cidade sede dun Parlamento autonómico, visita a esta institución, estancia de dúas noites en hotel de 3 estrelas, un ordenador portátil para o/a coordinador/a e, outro, para o centro educativo.

3.º PREMIO: Viaxe en autobús ou tren durante unha xornada para visita cultural/recreativa a algún lugar de interese natural, artístico, etnográfico ou educativo de Galicia e ordenador portátil para o/a coordinador/a e, outro, para o centro educativo.

11. ENTREGA DOS PREMIOS.

Os premios serán outorgados pola Mesa do Parlamento na data e no lugar que oportunamente se lles comunicará aos seleccionados.

ACEPTACIÓN DAS BASES DO CONCURSO.

A participación nesta convocatoria implica a aceptación total das súas bases.

PROPIEDAD INTELECTUAL.

Unha vez entregados os premios, o Parlamento de Galicia adquire a plena propiedade dos traballos premiados e poderá proceder á publicación ou difusión de cada un deles, sen necesidade de autorización dos seus autores. Os non premiados poderán ser retirados no Parlamento polos interesados ou persoa debidamente acreditada antes do 1 de outubro de 2008.

RÉXIME ADMINISTRATIVO E RECURSOS.

1. A Mesa do Parlamento resolverá as dúbidas e salvará as lagoas que se presenten na aplicación destas bases, conforme as normas de xeral aplicación.

2. As cuestións litixiosas que deriven da interpretación, modificación, resolución ou efectos destas bases serán resoltas pola Mesa do Parlamento, e os seus acordos poñerán fin á vía administrativa, quedando expedita a vía contencioso-administrativa, única competente na materia.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2007.

Dolores Villarino Santiago
Presidenta

ANEXO II

ALUMNADO DE ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO

PROPOSICIÓN DE LEI TEMAS¹

1. Igualdade
2. Responsabilidade e diversión da xuventude
3. Drogodependencias
4. Conservación do noso patrimonio cultural
5. Espazos naturais
6. Consumo

¹ Escoller un.